

VIEIROS

CORTEXO-HOMENAXE

A Asociación 'Cidade Vella' celebra o Día das Letras

A Asociación de veciños *Cidade Vella* conmemora o día 17 de maio cun cortexo homenaxe no que percorrera boa parte das principais rúas da cidade, celebrando non só a obra de Lourenzo Varelo senón tamén a de outros ilustres personaxes que viviron na Coruña. Para iso contará coa presenza de músicos, actores, editores, etc.

- 16:38 13/05/2005

O cortexo-homenaxe polo Día das letras parte da praza de María Pita, onde a gaiteira [Mercedes Peón](#) lerá algún dos poemas de Lourenzo Varela. Depois, no número 17 da mesma praza será a quenda dos actores Miguel de Lira e Evaristo Calvo, que intervirán diante do edificio que antigamente albergaba o Conservatorio Nazonal das Artes Galegas.

Xa fóra da praza de María Pita a celebración continúa, desta volta no número 1 da rúa Santiago, onde se imprimiron os primeiros libros Latorre e Martínez e intervirá o Editor de Espiral Maior e poeta Miguel Anxo Fernán Vello. No 11 da rúa Tabernas, dende o balcon da Real [Academia](#) Galega intervirá o presidente de *Cidade Vella para facer a lectura do manifesto O corazón de todos e pouco despois, no número 30 da mesma rúa, onde vivira Eduardo Rodríguez Losada intervirá o presidente da comisión de Cultura do Colexio de [Arquitectos](#), Felipe Peña, acompañado polo barítono Antón de Santiago.*

O escritor Anxo Angueira intervirá diante da que fora a casa de Rosalía de Castro e Manuel Murguía, no número 3 da rúa do Príncipe, onde tamén se lerá un texto do autor marroquino Mohamed Chukri. O reitor da Universidade [coruñesa](#) intervirá diante da casa do matemático Durán Loriga, na rúa Amargura número 15 e na rúa Ferreiros, no número 1, o relevo collerao o naturalista Penas Patiño, diante do que fora o instituto no que impartira clases o seu colega Víctor López Seoane.

O acto pecharase no número 13 da Porta dos Ares, a casa do compositor do himno galego, Pascual Veiga, onde intervirán o músico de jazz Roberto Leal e a Banda Municipal de Música da Coruña.